

Registro Xeral
SAIDA
UVIGO1101 Nº. 200800005066
15-03-2008 14:12:58

De seguido infórmolle dos acordos da sesión ordinaria do Consello de Goberno que tivo lugar, o mércores, día 5 de marzo de 2008, na Sala de Xuntas da Reitoría, e que poden ser do seu interese.

- * Aprobación do límite de prazas para o curso 2008/2009.
- * Aprobación do encargo de docencia. Materias optativas e materias de libre elección do curso 2008/2009.
- * Aprobación de praza dos corpos docentes a prover mediante concurso de acceso entre habilitados.
- * Aprobación das normas básicas do POD do curso 2008/2009.
- * Aprobación do programa propio para a formación predoutoral en áreas con especial dificultade para contratar doutores.
- * Modificación da normativa de profesorado de substitución.
- * Aprobación das directrices propias da Universidade de Vigo sobre a estrutura e organización académica dos planos de estudos de grao.
- * Aprobación da convocatoria de eleccións de representantes de PDI, PAS e alumnos nos Consellos de Departamento. e de representantes de alumnos para a renovación parcial do Claustro.
- * Elección de representantes nos Consello de Departamentos: Aprobación da interpretación do artigo 45 dos Estatutos.
- * Aprobación do novo Regulamento de réxime interno da Facultade de Dereito.
- * Aprobación do seguinte curso: Emigración e inmigración. Aspectos xurídico-económicos e procesos de integración socio-laboral.
- * Aprobación da Convocatoria de Axudas de Investigación para o ano 2008.
- * Aprobación da modificación dos criterios de produción científica correspondentes ao ano 2007.
- * Aprobación da proposta ao Consello Social da aceptación da cesión de terreos de titularidade municipal de Ourense a favor da Universidade de Vigo coa finalidade de promover prácticas deportivas.
- * Aprobación da participación da Universidade de Vigo na Fundación CEG para a Innovación Empresarial.
- * Aprobación dos seguintes convenios: Convenio coa Fundación Universidade de Vigo para a xestión delegada de contratos de I+D+i, de convenios, títulos propios de posgrao e outros cursos da Universidade de Vigo. – Addenda ao convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para o desenvolvemento de proxectos e actuacións de investigación e desenvolvemento en infraestruturas científico-tecnolóxicas – Convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria e a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para o reparto do fondo de apoio á investigación do exercicio 2007 – Convenio de colaboración coa Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para a realización de cursos de formación sobre cooperación ao desenvolvemento en Cuba – Convenio de colaboración coa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para a posta en marcha do programa galego de voluntariado de acompañamento de vítimas de violencia (Programa Rodela) – Convenio de colaboración coa Consellería de Tránsito, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para o desenvolvemento dun plan de formación dos técnicos dos servizos de apoio ao emprendimento e ao emprego dos campus universitarios galegos – Convenio marco de colaboración coa Universidade dos Andes (Venezuela) – Convenio marco de colaboración coa Universidade Estatal Lomonosov de Moscú (Rusia) – Convenio marco de colaboración coa Universidade de Salerno (Italia) – Convenio específico coa Universitat Pompeu Fabra para a colaboración na redacción do proxecto Clarín.
- * Foi elixido como membro da Comisión de investigación polo sector PDI: José M^a Pousada Carballo.
- * Foi elixido como membro da Comisión de extensión universitaria e estudantes polo sector PDI: Beatriz Iglesias Antelo.



Vigo, 5 de marzo de 2008
A Secretaría Xeral

Esther M^a González Pillado